

ANUNCIO

Aprobada por Resolución de Presidencia núm. 2026/060, de data 6 de maio de 2026, expónse ao público a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión de dous/dúas (2) oficiais de primeira acuicultura da Fundación "TerrEo":

"RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/060

En A Ribeira de Piquín, a 6 de maio de 2026.

Asunto: Lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo de dous/dúas (2) oficiais de primeira acuicultura, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL "TERREO".

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, aprobada por esta Fundación por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025, e no DOG núm. 66, de data 04/04/2025, para cubrir as seguintes prazas:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Técnico de proxectos	Persoal fixo
2	Oficial de primeira acuicultura	Persoal fixo
2	Operario de servizos	Persoal fixo

Vista a publicación das bases da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 65, de data 21 de marzo de 2026, así como a publicación dun extracto do proceso no Diario Oficial de Galicia núm. 60, de data 31 de marzo de 2026 e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, de data 3 de abril de 2026.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO	OBSERVACIÓNS (NON EXCLUÍNTE)*
1	García García, José	***46**7T	NON	NON APORTA A ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
2	García García, Julio	***46**8R	SÍ	
3	Sobrado Torres, Martín	***84**7E	SÍ	NON APORTA CONTRATOS DE TRABALLO

LISTA PROVISIONAL DE EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO	MOTIVOS DA EXCLUSIÓN
1	Pazos Díez, Mauro	***93**4H	SÍ	NON CONSTA DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE EN VIGOR

**Neste apartado de observacións (non excluíntes) recóllense os méritos ou outra documentación na que se observan deficiencias na súa presentación, que non motivan a exclusión no proceso selectivo e que poderían ser obxecto de emenda polas persoas interesadas, sen que implique no caso dos méritos (aínda que sexan emendados), que estes cumpran cos requisitos establecidos nas bases para a súa puntuación na fase de concurso polo Tribunal de Selección.*

SEGUNDO.- *Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín (<http://www.ribeiradepiquin.es>) e no Taboleiro de Anuncios da Fundación “TerrEo”, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia.*

TERCEIRO.- *Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación “TerrEo” na próxima sesión ordinaria que se celebre.”*

A Ribeira de Piquín, 6 de maio de 2026.

O Presidente,

D. Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE